



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 27)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e once minutos do día **dezaseis de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste a Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xullo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Barreiros, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 24 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (24) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.



Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BARREIROS	24	PAVIMENTACION DE ACCESOS EN VILLAMARTIN, A RILLEIRA, LADRIDO, NOVÁS, O NOVAL, BARREIRO,LOURIDO, CARBALLO BLANCO, FOLGUEIROSA, MERILLE, VILAR, A PENLA E A ESTOPA	1531.76201	26.268,00€

Por escrito de data 08/07/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN RIGUEIRA, VILAR, PORTO DO BOIS, LAMELA, ESCANLAR, CANTEIRO E SÁRZENDEZ	1531.76201	4.352,65€	26.268,00€	30.620,65€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Barreiros, no Plan Único 2021.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN RIGUEIRA, VILAR, PORTO DO BOIS, LAMELA, ESCANLAR, CANTEIRO E SARXENDEZ	1531.76201	4.352,65€	26.268,00€	30.620,65€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Sober, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos (300) do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (300) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SOBER	300	REXENERACION DO PAVIMENTO DOS ACCESOS A VAZ, DE VILORIZ A SANTA MARTA, IGREXA DE AMANDI E A TRAVESA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	17.914,04€

Por escrito de data 12/07/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO EN AS CHOUSELAS- O BOQUEIRIÑO- CIVIDADE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	17.914,04€	17.914,04€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sober, no Plan Único 2021.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sober incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO EN AS CHOUSELAS- O BOQUEIRIÑO- CIVIDADE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	17.914,04€	17.914,04€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración do equipamento para o Centro de Atención ás Persoas Maiores de Navia de Suarna, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EYXXOHRJIJ667Q5NF437UGY¹.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV IV7EYXQZOF6LLRJN2HY4D4DP4Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EYXYFJJD75P3WMFQKQHSEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY624EAO5XFEJZXWAMNAON4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY62TLLRMVXV7SYISCDS7BY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7EY7LJN14LJ6GJZUPE6AQXAU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, 2021/CON_02/000016, cun prazo de entrega de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e ampliación do prazo de garantía das unidades a subministrar, sen prexuízo da calidade dos mesmos.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 259.906,50 € ao que se aplicará un IVE (21% e 10% segundo os casos detallados no Anexo III da Memoria) dun total de 53.419,76 €, o que fai un total de 313.326,26 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 3 DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes

Primeiro. En relación á contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), na Xunta de Goberno do 26 de Xuño do 2020 adoptouse o seguinte acordo, en virtude do cal se adxudicaba a contratación á empresa Gas Natural Comercializadora, S.A:

“Aprobar o gasto da contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión -Núm. de Expediente 2020/CON_01/000013, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 542.429,22 euros. O orzamento base de licitación inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto



DEPUTACIÓN DE LUGO

sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 448.288,61 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte detalle:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189
CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
SERVICIO DE RECAUDACION	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	

En virtude do disposto no informe de intervención de data 29/05/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 266.822,04 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Adxudicar o contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión a favor da empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. con NIF A61797***.

A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 448.288,61 euros, aos que hai que engadir 94.140,61 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 542.429,22 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES002200007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
ES0033770095770001MFOF APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189



DEPUTACIÓN DE LUGO

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ES0033770594094001IG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
ES0022000009092527XQ RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
ES0022000009049519AH RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
ES0022000007670638IX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
ES003362000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

**PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)**

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

Durante o ano de duración que ten o contrato, estes prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 5. Facturación, punto 2, Facturas da subministración de electricidade do PPT do Acordo marco, onde se indica:

“Si durante la duración del contrato se modificara la normativa que rige el precio del suministro de electricidad, la compañía adjudicataria, desde su entrada en vigor, aplicaría a los componentes del precio regulados los nuevos precios, comunicando dichos cambios a la FEMP y a las Entidades Locales con las que tienen contrato basado”.

En caso de prórroga, estes prezos unitarios serán revisados conforme ao disposto nas cláusulas 16.3 Revisión de Prezos do Acordo Marco e 21.2 apartado Tramitación da prórroga do PCA.



A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

Periodicidade da facturación: Segundo o disposto na cláusula 5.2 Factura da Subministración de Electricidade do PPT do Acordo Marco e no documento de invitación, a empresa adxudicataria emitirá unha factura por cada punto de subministración correspondente ao 100% do consumo producido en cada mes natural ou, no seu defecto, no ciclo de lectura correspondente. Ademais, se subministrará adicionalmente un documento resume no que se deberá incluír a información das facturas de forma agrupada para o conxunto dos puntos da subministración contratados.

Condicións especiais de execución: En virtude do indicado tanto na cláusula 21 Contratos Baseados no Acordo Marco punto 5 Condicións Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco, como no documento de invitación o adxudicatario:

Como condición especial de execución de carácter ambiental, deberá garantir que o 100% da enerxía a subministrar do contrato baseado foi xerada a partir de fontes de enerxía renovable. Esta obriga acreditarase conforme ao disposto na cláusula 1 obxecto do prego, punto Orixe da enerxía a subministrar do PPT, onde entre outras cosas se indica: “la entidad adjudicataria está obligada a poner a disposición de la Entidad Local contratante los documentos que acrediten la redención de las garantías de origen a favor de dicha Entidad Local para cada punto de suministro incluido en el contrato basado, con carácter anual en el plazo máximo de 2 meses desde que la CNMC, o el órgano competente en cada momento, expidan los documentos acreditativos correspondientes”.

Deberá presentar ao responsable do contrato baseado, no prazo máximo de doce meses a contar dende o inicio da subministración, un estudo sobre a xeración da enerxía reactiva nas diferentes instalación obxecto do contrato e a valoración económica dos equipos necesarios para a súa minoración, co obxecto de reducir as perturbacións que dita enerxía produce na rede eléctrica e o impacto económico na facturación desta Entidade Local.

Ademais, en función da oferta presentada no Acordo Marco, o adxudicatario deberá, nos termos establecidos no artigo 11 Criterios de adxudicación do acordo marco:

Respectar a porcentaxe de incremento ofertada en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, que é dun 0%, nos termos indicados no punto 2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE). En relación as altas eventuais ou de temporada , tamén deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta.

La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación”.

Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 Garantía e 21 Contratos baseados no acordo marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 Contratos baseados no acordo marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria



deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a la red por parte de la distribuidora”, aún que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase o 27 de xullo de 2020, é dicir tralo remate do actual contrato de subministración eléctrica da Deputación de Lugo. Polo tanto, ata o mencionado 27 de xullo de 2020 a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, ademais unha comunicación adicional a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”

Segundo. Con data 24 de xullo de 2020, dende Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía remitiuse circular que obra no expediente, a todos os departamentos da Deputación de Lugo onde textualmente se indicaba:

“En caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos. Por este motivo, calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

A estes efectos, para a alta de novas subministracións e de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía, deberá aportarse cunha antelación de 3 meses a documentación técnica que sexa precisa en función da subministración que se precise (boletín de instalación, tarifa, potencia a contratar, etc.), sendo necesario poñerse en contacto previamente para a obtención de dita documentación técnica, co Servizo encargado da xestión das instalacións”

Terceiro. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 20 de Novembro do 2020, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 1 do citado contrato baseado, para incluír unha nova subministración no mesmo:

“Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo CENTRAD e do informe do Responsable do Contrato, a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.



Esta subministración, de carácter eventual, servirá para iluminar o Mercado de Nadal a celebrar na Praza de San Marcos dende o día 10 de Decembro de 2020 ata o 7 de Xaneiro de 2021. Os datos técnicos da nova subministración a realizar son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	25kw	3.0

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL(IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2020	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2021
MERCADO DE NADAL	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Por tratarse dunha subministración eventual, a adxudicataria ademais deberá ter en conta o seguinte:

A data de inicio da subministración é o día 10 de Decembro de 2020 e a data de remate o día 7 de Xaneiro de 2021.

A adxudicataria deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto,

negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta. La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación.”

A porcentaxe de incremento ofertada polo adxudicatario do contrato baseado en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, é dun 0%, nos termos indicados no punto 11.2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE), que obra no expediente. De acordo co exposto, os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que tamén rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:

**PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)**

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	<u>0,0868</u>	<u>0,0741</u>	<u>0,0537</u>			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

Adxudicar este modificado á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797***, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 450.288,61 €, aos que haberá que engadir 94.560,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 544.849,22€ (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

A formalización do modificado realizarase de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP, conforme ao previsto no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do

Acordo marco, e será publicado de conformidade co sinalado nos artigos 207 e 63 da LCSP, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Carto. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 26 de Febreiro do 2021, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 2 do citado contrato baseado, para incluír dúas novas subministracións no mesmo:

“Aprobar, en virtude da solicitude realizada pola Sección de Patrimonio con data 11 de febreiro de 2021 (EXPED2021/XEN_01/000356) e do informe do responsable do contrato, a modificación número 2 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adjudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos das dúas subministracións procedentes do SUPLUSA a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
TALLER DA PEDRA DE BEGONTE-ES0033770060787001HFOF	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO	P1=P2=P3= 20 kW	3. 1A	Gas Natural Comercializadora S.A. CIF: A61797536 Nº CONTRATO: 01421504001123
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	P1=P2=P3= 15,001	3.0A	Iberdrola Clientes S.A.U. CIF: A-95758389 Nº CONTRATO: 625202030

O importe da modificación número 2 a realizar detallado por puntos de subministración, resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
TALLER PIEDRA DE BEGONTE ES0033770060787001HFOF	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
TOTAL	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €

O importe do gasto para estas dúas subministracións foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do

mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio das dúas subministracións a través do contrato baseado de referencia é o 15 de marzo de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

Adxudicar este modificado número 2 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797***, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado ao anterior incremento realizado que era dun 0,45 %, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 1,79 % sobre o prezo inicial do contrato.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que estes dous novos puntos de subministración ordinarios pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

Os prezos unitarios ofertados pola adxudicataria e que rexerán nestas novas subministracións incluídas no modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:

**PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)**

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
<u>3.0A</u>	<u>0,0868</u>	<u>0,0741</u>	<u>0,0537</u>			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
<u>3.1A</u>	<u>0,0756</u>	<u>0,0691</u>	<u>0,0527</u>			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482



O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

A formalización do modificado número 2 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

Quinto. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 30 de abril do 2021, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou a interpretación do criterio recollido nos pregos relativo á data de inicio da presente contratación, segundo o cal a data de inicio do contrato é a data de inicio da prestación da subministración e non a data de notificación da adxudicación do contrato baseado.

“Aprobar de acordo coas novas instrucións da FEMP a interpretación do criterio recollido nos pregos relativo á data de inicio das seguintes contratacións: ...

2) Contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión-Núm. de expediente 2020/CON_01/000013.

Data de inicio: 27 de xullo de 2020-Data de inicio da prestación da subministración.

Data de fin: 26 de xullo de 2021.

Este novo criterio afecta todos os documentos que se inclúen en ambos expedientes nos que se faga mención da duración dos contratos (actas, certificacións...). En particular cabe resaltar os seguintes documentos:

Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión-núm. de expediente 2020/CON_01/000013:

Acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte, onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte de novembro de dous mil vinte onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de modificación,

se procede, do contrato baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e un, onde se aproba o seguinte asunto: Proposta de modificación número 2, se procede, do contrato baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Acta de inicio do contrato baseado de electricidade asinada o 09 de xullo de 2021.

Preaviso de prórroga do contrato baseado de electricidade asinado o 11 de marzo de 2021.

Notificar o acordo adoptado ás empresas adxudicatarias conforme ao previsto na LCSP”.

Sexto. A Presidencia da Deputación de Lugo, con data 24 de Xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución, en virtude da cal se prorrogaba por un ano a contratación da subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013). Nese mesmo acordo tamén se aproban os prezos revisados, que serán os que se aplicarán durante a prórroga.

“1. Prorrogar o Contrato Baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do acordo marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión-Núm. de expediente EXP2020/CON_01/000013, a favor da adxudicataria Gas Natural Comercializadora, S.A con NIF A61797***, nos seguintes termos:

A prórroga terá unha duración de un ano, mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais tal e como se establece no PCA, a excepción da revisión de prezos prevista no mesmo.

Con respecto á subministración Eventual do Mercado de Nadal, en virtude do e-mail enviado polo CENTRAD o 13 de abril de 2021, as datas nas cales se prestará esta subministración eventual serán dende o día 13 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos).



DEPUTACIÓN DE LUGO

O importe da prórroga ascende á cantidade de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), de acordo co seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2021 (IVE INCLUÍDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2022 (IVE INCLUÍDO)
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	696,76 €	348,38 €	348,38 €
ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR)	750 €	375 €	375 €
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	6.913,70 €	3.456,85 €	3.456,85 €
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	2.832,88 €	1.416,44 €	1.416,44 €
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	262,76 €	131,38 €	131,38 €
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	204,60 €	102,30 €	102,30 €
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	222,78 €	111,39 €	111,39 €
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4.142,50 €	2.071,25 €	2.071,25 €
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	11.327,64 €	5.663,82 €	5.663,82 €
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	806,14 €	403,07 €	403,07 €
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	17.816,28 €	8.908,14 €	8.908,14 €
ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	4.903,90 €	2.451,95 €	2.451,95 €
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	8.745,90 €	4.372,95 €	4.372,95 €
ES0033770082626001PROF PARQUE MÓVIL	18.235,58 €	9.117,79 €	9.117,79 €
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	13.211,30 €	6.605,65 €	6.605,65 €
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	3.078,02 €	1.539,01 €	1.539,01 €
ES0033770068343001PROF ESTACIÓN BOMBEO	3.800 €	1.900 €	1.900 €
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	29.391,98 €	14.695,99 €	14.695,99 €
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	4.332,44 €	2.166,22 €	2.166,22 €
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	13.995,10 €	6.997,55 €	6.997,55 €
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	41.169,88 €	20.584,94 €	20.584,94 €
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	2.833,12 €	1.416,56 €	1.416,56 €
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	20.067,10 €	10.033,55 €	10.033,55 €
ES0033620000022372BJ0F RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	12.000 €	6.000 €	6.000 €
ES0022000009092527XQ1P RESIDENCIA DE CASTROVERDE	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0022000009049519AH1P RESIDENCIA DE PEDRAFITA	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	4.690,66 €	2.345,33 €	2.345,33 €
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	4.210,68 €	2.105,34 €	2.105,34 €
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	11.697,06 €	5.848,53 €	5.848,53 €
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	16.006,88 €	8.003,44 €	8.003,44 €
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	34.301,02 €	17.150,51 €	17.150,51 €
ES0033620000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	75.000,00 €	37.500,00 €	37.500,00 €
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	54.903,96 €	27.451,98 €	27.451,98 €
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	53.535,44 €	26.767,72 €	26.767,72 €
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	13.632,32 €	6.816,16 €	6.816,16 €
PDTE ASIGNACIÓN CUPS MERCADO DE NADAL	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €
ES0033770060787001HF0F TALLER DA PEDRA DE BEGONTE	4.235,00 €	2.117,50 €	2.117,50 €

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2021 (IVE INCLUÍDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2022 (IVE INCLUÍDO)
ES002200009074688VW RESIDENCIA RIBAS DE SIL	3.025,00 €	1.512,50 €	1.512,50 €
TOTAL	552.109,22 €	276.699,61 €	275.409,61 €

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A relación de puntos de subministración que forman parte do mencionado contrato baseado, recóllense na seguinte táboa:

Número de CUPS e Dependencia	Dirección da subministración	Tarifa de orixen	Tarifa de destino
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	LG DE FONTEFIZ, PRESA DE BELESAR, CHANTADA (LUGO)	2.0A	2.0TD
ES0033770095770001MFOF APIARIO GRANIA (COLMENAR)	LG. DE COTILLÓN, TEIXEIRO, 27289, LUGO.	2.0A	2.0TD
ES0033770091375002WDOF ESCUELA DE PIRAGÜISMO	LUGAR DE SAAMASAS, S/N, 27004, LUGO	2.0A	2.0TD
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	LG. DE SAN ROQUE, 27170, PORTOMARÍN	2.0A	2.0TD
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUCOS	BARRIO PENOUCOS. LUGO	2.0A	2.0TD
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	LG DE VILANOVA, BÓVEDA DE MERA SANTAL. LUGO	2.0A	2.0TD
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	CHANCA, SN, LUGO	2.0DHA	2.0TD
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	BELESAR, O SAVIÑAO	2.1A	2.0TD
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	AVDA. DA MARINA, S/N, 27890, SAN CIBRAO, CERVO	2.1A	2.0TD
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	FERVEDOIRA. LUGO	2.1A	2.0TD
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	LUGAR DE A CASTRONELA, S/N, 27227, XIA-FRIOL	3.0A	3.0TD
ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMS	3.0A	3.0TD
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	TOLDA DE CASTELA, Nª4, 27002, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	RUA DO ARCO, N.º 15, 27001	3.0A	3.0TD
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	Chantada, s/n (Travesía) – 27004. Lugo	3.0A	3.0TD
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	PASEO DO RIO RATO, NÚM 25-29, SAN FIZ DE MUXA, 27169, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	CL ESCANABADA, 27377, XUSTAS (COSPEITO)	3.0A	3.0TD
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	AVDA. TERRA CHA, S/N, 27260 CASTRO RIBERAS DE LEA	3.0A	3.0TD
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	PRAZA DE SANTO DOMINGO, Nª6-8, 27001, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	RUA TUI, Nª5, 27004, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	PRAZA DA SOIDADE, Nª 7, 27001, LUGO	3.0A	3.0TD
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	SAN XOAN DE TOR, S/N, 27591, MONFORTE DE LEMS	3.0A	3.0TD
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	LEIRO DE RIELO, 27270, POL	3.0A	3.0TD
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	RUA CELSO CURRAS LÓPEZ, 11, 27765, TRABADA	3.0A	3.0TD
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	RUA PARQUE, 11, 27100, A FONSAGRADA	3.0A	3.0TD



Número de CUPS e Dependencia	Dirección da subministración	Tarifa de orixen	Tarifa de destino
ES002200009092527XQ1P RESIDENCIA DE CASTROVERDE	RÚA ALCALDE XETAS Nº 11, 27120 CASTROVERDE	3.0A	3.0TD
ES002200009049519AH1P RESIDENCIA DE PEDRAFITA	AVENIDA DE CASTILLA Nº 20, 27670, PEDRAFITA DO CEBREIRO	3.0A	3.0TD
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	LG ALDEA COVAS, 27391, AUGASMESTAS- QUIROGA	3.1A	6.1TD
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	CARRETERA LU-903, S/N, MONFORTE DE LEMOS	3.1A	6.1TD
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	PASEO DO RIO RATO, SAN FIZ DE MUXA, 27002, LUGO	3.1A	6.1TD
ES002200008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	SANTA COMBA, S/N, 27002, NADELA, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	RUA FRAI PLACIDO REI LEMOS, S/N, 27004, LUGO	3.1A	6.1TD
ES003362000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	AVDA. TERRA CHA, S/N, 27260 CASTRO RIBERAS DE LEA	3.1A	6.1TD
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	PLAZA DE SAN MARCOS, Nº 8, 27001, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	AVDA. FILARMÓNICA LUCENSE, S/N, 27002, LUGO	3.1A	6.1TD
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	RONDA DA MURALLA, Nº141, 27004, LUGO	3.1A	6.1TD
PDTE ASIGNACIÓN CUPS MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	3.0A	3.0TD
ES0033770060787001HF0F TALLER DA PEDRA DE BEGONTE	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE- LUGO	3.1A	6.1TD
ES0022000009074688VW RESIDENCIA RIBAS DE SIL	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	3.0A	3.0TD

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, na aplicación correspondente.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2. Aprobar a revisión de prezos presentada pola empresa adxudicataria, sendo o importe dos prezos revisados a aplicar o seguinte:

PREZO REVISADO

LOTE 1	TE1 (€/kWh)	TE2 (€/kWh)	TE3 (€/kWh)	TE4 (€/kWh)	TE5 (€/kWh)	TE6 (€/kWh)
2.0A	0,1179	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.0DHA	0,1375	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.0DHS	0,1381	0,0726	0,0588	0,0000	0,0000	0,0000
2.1A	0,1312	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.1DHA	0,1501	0,0775	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
2.1DHS	0,1506	0,0875	0,0645	0,0000	0,0000	0,0000
3.0A	0,0998	0,0871	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000
AP2.0DHA	0,1375	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
AP2.1DHA	0,1312	0,0125	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000
AP3.0A	0,0998	0,0871	0,0665	0,0000	0,0000	0,0000
3.1A	0,0873	0,0809	0,0644	0,0000	0,0000	0,0000
6.1	0,1039	0,0923	0,0763	0,0689	0,0668	0,0600

ANEXO: PREZOS BAIXO CIRCULAR 3/2020

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

VARIACIÓN APLICABLES POR TARIFA E TRAMO HORARIO AO PREZO OFERTADO INICIALMENTE (SEGUNDO ACUMULADO DAS REVISIÓN TRIMESTRAIS APICADAS NO ACORDO MARCO)

Lote 1							
2.0A	0,0130						
2.0DHA	0,0130	0,0125					
2.0DHS	0,0130	0,0130	0,0124				
2.1A	0,0130						
2.1DHA	0,0130	0,0125					
2.1DHS	0,0130	0,0130	0,0124				
3.0A	0,0130	0,0130	0,0128				
AP2.0DHA	0,0130	0,0125					
AP2.1DHA	0,0130	0,0125					
AP3.0A	0,0130	0,0130	0,0128				
3.1A	0,0117	0,0118	0,0117				
6.1	0,0118	0,0119	0,0117	0,0118	0,0116	0,0118	

3. Notificar a prórroga do contrato baseado á empresa adxudicataria conforme ao previsto na LCSP e a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.”

Sétimo. En relación á subministración obxecto do presente informe, a Residencia de Meira:

Con data 23 de decembro de 2020 a Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía recibiu o seguinte e-mail procedente do Servizo de Benestar:

“Bos días,



Achego documentación relativa aos CAMs de Meira ... co obxeto de poder formalizar o subministro eléctrico nos mesmos.

Do CAM de Meira:

Non dispoñemos dos CUPS, polo tanto temos que solicitalos a nosa comercializadora para o cal achego; Certificado de Inspección de Baixa Tensión, Certificado da Instalación Eléctrica e Plano de ubicación do CGPM.

...”

Como trámite previo, antes de dar de alta o subministro eléctrico definitivo do CAM de Meira ao nome da Exma. Deputación Provincial de Lugo é preciso que a empresa distribuidora realice as instalacións de extensión de rede necesarias. Tras conversación telefónica mantida con eles o 01 de xullo de 2021 nos indican que os traballos están rematados, e actualmente están a reunir toda a documentación administrativa que forma parte do expediente, motivo polo que procedemos a iniciar os trámites oportunos para incluír a subministración no contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Consideracións xurídicas:

A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: “1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

A adxudicación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013), realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de enerxía eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de enerxía eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Por Resolución de Presidencia de data 13-05-2021 se nomeou a Jose Antonio Arias Lombardero Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable (Titular) de este contrato.

O Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, Jose Antonio Arias Lombardero, coa conformidade do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 3 do contrato baseado sinalado por importe de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39€ en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación

do modificado número 3 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A, con NIF A61797***, de acordo cos seguintes extremos:

O obxecto da modificación a realizar, en base ás peticións realizadas polo Servizo de Benestar Social que obra no expediente, é incluír unha nova subministración no contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), a cal ten os seguintes datos técnicos:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
RESIDENCIA DE MEIRA	Grupo Escolar 15-b, 27240 MEIRA	90,000 KW	3.0TD

O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 470.809,50 €, aos que haberá que engadir 98.870,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 569.679,50 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). Como xa se indicou anteriormente, en virtude do acordo da Xunta de Goberno do 20 de novembro de 2020 neste contrato xa se fixo unha modificación previa (modificación número 1), que supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), e en virtude do acordo da Xunta de Goberno do 26 de febreiro de 2021 se fixo outra modificación previa (modificación número 2), que supoñía un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das tres modificacións da un incremento dun 5,03 % sobre o prezo inicial do contrato (IVE excluído), non superando por tanto a suma das dúas modificacións xa realizadas e esta o 20% do seu prezo inicial (IVE excluído).

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 27 de Xullo de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

O importe da modificación número 3 a realizar resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE MEIRA	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €

O importe do gasto para esta esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 os prezos unitarios que rexerán nesta nova subministracións incluída no modificado número 3, resúmense na seguinte táboa:

**PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)**

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606



O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. O prazo inicial era dun ano, contado a partir do 26 de Xullo de 2020, prazo que foi prorrogado por un ano máis en virtude da resolución de Presidencia do 24 de Xuño de 2021.

No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 3 do contrato baseado e incluír a nova subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA do Acordo Marco como na LCSP:

A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (Prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP”.

Por outra banda, a cláusula 21.3 do mencionado PCA (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita o modificado número 3, indícase expresamente;

“Sinalar a este respecto que a subministración que se pretenden introducir no contrato, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco,

posto que naquel momento aínda non había unha previsión sobre cando sería o inicio da mesma, pois aínda non estaba prevista a data na cal comezarían a funcionar a residencia.”

Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:



“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha nova subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores do mesmo.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na subministración que resulten da modificación do contrato baseado, serán os aprobados por Resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 (tarifa 3.0TD) e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.”

Respecto da primeira cuestión sinalar que de acordo coa Circular remitida pola Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto nas peticións realizadas polo Servizo de

Benestar Social, motívase a concorrencia de interese público na modificación número 3 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de enerxía eléctrica na Residencia de Meira para que así poida funcionar correctamente. Tal Residencia dependen da Deputación de Lugo, polo tanto, a subministración eléctrica da mesma deberá facerse a través do referenciado contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Indicar tamén que, tendo en conta que no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP.

O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial.



En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 3 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 542.429,22 euros. Este importe inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 448.288,61 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente na Xunta de Goberno do 20 de Novembro do 2020 aprobouse unha primeira modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000,00 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

E que na Xunta de Goberno do 26 de Febreiro de 2021 aprobouse unha segunda modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013) cun incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o

que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.”

Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para esta subministración é de 14.520,89 euros (IVE excluído), a modificación número 3 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das tres modificacións supón un incremento dun 5,03 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma das dúas modificacións xa realizadas e esta o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.3 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.

Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 3 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de enerxía eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar unha subministración ordinaria de enerxía eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato.”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 3 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

Para a realización da modificación número 3 que se pretende hai que ter en conta tamén, o previsto no artigo 207.1 da LCSP ónde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.



Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.3 do PCA do Acordo Marco sinala a obrigatoriedade para a adxudicataria de subministrar electricidade nestes novos puntos de subministración ordinarios cando lle sexan solicitados, sempre que supoñan, como máximo, un incremento do 20% respecto do prezo que representasen os puntos de subministración incluídos no Documento de Invitación. Pese a esta obrigatoriedade para a adxudicataria, obra no expediente documento de conformidade da adxudicataria coa modificación que se pretende realizar. Nese mesmo artigo tamén se indica a obrigatoriedade de que a Deputación de Lugo incorpore no expediente xerado na Plataforma de Contratación da FEMP a comunicación que realicemos á adxudicataria do Contrato Baseado. Nela figurará ademais da solicitude de ampliación dos puntos de subministración, a expresa indicación do que esta supón sobre o xa contratado...”. A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

Indicar, ademais, que na modificación número 3 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”, posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do PCA do acordo marco: (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la

adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 2.151.785,33 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP “Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”

En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 3 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e cómo expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para esta nova subministración a incluír no modificado número 3, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.



Sétima.- A modificación número 3 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 26 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 Garantía e 21 Contratos baseados no Acordo Marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago”

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 3 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2021, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de

Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 3 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 3 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo servizo de Benestar Social e do informe do responsable do contrato, a modificación número 3 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión



(EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adjudicación de 14.520,89 €, aos que haberá que engadir 3.049,39 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 17.570,28 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos da subministración a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
RESIDENCIA DE MEIRA	Grupo Escolar 15-b, 27240 MEIRA	90.000 KW	3.0TD

O gasto estimado para esta subministración é o seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2021 (IVE ENGADIDO)	ANUALIDADE 2022 (IVE ENGADIDO)
RESIDENCIA DE MEIRA	14.520,89 €	3.049,39 €	17.570,28 €	8.785,14 €	8.785,14 €

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adjudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo é o 27 de xullo DE 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

2º.- Adjudicar este modificado número 3 á empresa adjudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797***, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 470.809,50 €, aos que haberá que engadir 98.870,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 569.679,50 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,24 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado aos dous anteriores incrementos

realizados que eran dun 1,79 %, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 5,03 % sobre o prezo inicial do contrato.

A adxudataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da resolución da Presidencia do 24 de Xuño de 2021 os prezos unitarios que rexerán nesta nova subministración incluída no modificado número 3, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Precios Bajo Circular 3/2020 Conversión pactada con FEMP							
Tarifa Origen	Tarifa Destino	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
2.0DHS	2.0TD	0,2097	0,1123	0,0686			
2.1A	2.0TD	0,2102	0,1136	0,0698			
2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
2.1DHS	2.0TD	0,2097	0,1122	0,0686			
3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
AP2.0DHA	2.0TD	0,2095	0,1124	0,0686			
AP2.1DHA	2.0TD	0,2096	0,1125	0,0686			
AP3.0A	3.0TD	0,1596	0,1355	0,0998	0,0878	0,0770	0,0679
3.1A	6.1TD	0,1238	0,1069	0,0827	0,0755	0,0667	0,0606
6.1A	6.1TD	0,1240	0,1076	0,0837	0,0739	0,0635	0,0606

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. O prazo inicial era dun ano, contado a partir do 26 de Xullo de 2020, prazo que foi prorrogado por un ano máis en virtude da resolución de Presidencia do 24 de Xuño de 2021.

3º.- O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente, e para a anualidade 2022 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade

orxamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2021	2315.22100	8.785,14
2022	2315.22100	8.785,14
TOTAL		17.570,28

4º.- A formalización do modificado número 3 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICOS-ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“1.-Antecedentes administrativos.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de novembro de 2018, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación o día 05 dedecembro de 2018 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, acordou: (consta no certificado de acordo de xunta de goberno de data 11.12.2020 o detalle dos antecedentes administrativos previos a esta data).

Adxudicar a U.T.E. integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron, a contratación da realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, EXP0029SE18-ABO, por un importe de por un importe de 203.631 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 42.762,51euros, o que fai un total de 246.393,51euros.

O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

(...).

Na data do 21 de xaneiro de 2020 asinouse o contrato administrativo, con efectos do día 01 de febreiro de 2021. O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 4 anos, sen posibilidade de prorroga, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

Con data 7 de maio de 2021, por parte do concello de Ourense, solicítase a realización do inventario da ocupación privativa ou aproveitamento especial do dominio publico municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos e o correspondente informe técnico económico, regulación da taxa e proposta de tarifas.

Con data 7 de xuño de 2021, por parte do concello de Lugo, solicítase a realización do inventario da ocupación privativa ou aproveitamento especial do dominio publico municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos e o correspondente informe técnico económico, regulación da taxa e proposta de tarifas.

A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dous de xullo de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:



“Proposta de aprobación, se procede da segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e os concellos adheridos, para a financiación e contratación conxunta do servizo: “Realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas”.

O Responsable do contrato emite informe, onde se solicita unha modificación do contrato por un importe de 15.327,28 euros máis o 21% de IVE.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Consideracións xurídicas

Modificación non prevista no PCAP.

No PCAP non se prevee a posibilidade de modificacións prevista segundo o recollido no art.204 da LCSP.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias citadas no artigo 205 da LCSP.

“Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.”

Ditos supostos do apartado segundo expresados de xeito resumido son os seguintes :

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato.:

c) Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial.”

Neste casoa unidade xestora entende que concorren as causas previstas nas letras a) b) e c) do Art. 205.2

É opinión deste servizo que únicamente se xustifica a concorrencia do suposto da letra a), o non poderse considerar sobrevidas nos termos da letra da lei nin tampouco que se acomode o modificado previsto ó apartado da letra c).

Xustificación da modificación plantexada.

O modificado proposto supón incrementar o número dos 53 concellos iniciais en dous concellos mais, de xeito que se estaría referir ó suposto do Art. 205.2.a) cando sinala e deviniera necesario añadir obras, suministros ou servicios adicionales a los inicialmente contratados polas circunstancias expresadas pola unidade xestora que no seu informe se ocupa de xustificar o cumprimento dos requisitos indicados no dito apartado a) esto é:

Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten



desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerara inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/IVE excluído.

Ó respecto O Responsable do Contrato, D. Manuel Pérez Gómez, presenta un informe conformado polo Deputado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos (CSV: IV7E6LA5HFRTXKFS6N4NKBXWOA), onde se solicita unha modificación do contrato por un importe de 15.327,28 € máis o 21 por 100 do IVE, polo que a contía incrementa nun 7,52 % o prezo de adxudicación, sendo menor do 50%. No que indica no que respecta a esta causa que:

Estando vixente o contrato que foi formalizado no día 21 de xaneiro de 2021, precísase engadir servizos aos inicialmente pactados e que corresponden cos traballos a realizar nos concellos de Lugo e Ourense.

É posible a modificación do contrato, dado que concorren os seguintes dous requisitos:

Non é posible o cambio de contratista por razóns de tipo técnico ou económico: Así permítese a modificación sempre que:

Non sexa factible por razóns económicas ou técnicas tales como requisitos de intercambiabilidade ou interoperatividade co equipo existente.

Xerara inconvenientes significativos nun aumento substancial de custos para o poder adxudicador.

A posibilidade de realizar unha nova licitación libre para estes dous concellos, suporía un elevado custe de execución, con respecto ao estimado na modificación, dado que no plan actual de

traballo xa se ten establecido coa empresa concesionaria dende o inicio do contrato un esquema de intercambio e explotación de información que foi depurado e que facilita na axilidade e na eficiencia nos traballos realizados.

O cambio de contratista así mesmo obrigaría ao órgano de contratación a adquirir servizos con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, xa que o protocolo de traballo e a información procesada ao ser producida de forma diferente dea lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; ou ben xeraría inconvincentes significativos ou un aumento substancial de custes para o órgano de contratación, puidendo duplicarse os custos ou incluso máis si se opta por contratar por separado según se refire no informe emitido polo Responsable do Contrato.

Prezo da modificación.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do actual contrato do Servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, incorporouse polo servizo de Cooperación aos Concellos xunto coa solicitude de modificación, unha valoración onde se determina que o prezo da modificación é a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE DA MODIFICACIÓN SEN IVE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN IVE ENGADIDO (21%)
Incorporación dos concellos de Lugo e Ourense	Lugo: 9.738,30 €	Lugo: 11.783,34 €
	Ourense: 5.588,98 €	Ourense: 6.762,67 €
	Total:15.327,28 €	Total: 18.546,01 €

Tendo en conta que o límite máximo para a modificación prevista é do 50% do prezo inicial, incorpórase un cadro comparativo entre o prezo do contrato orixinal e o resultante do modificado, co seguinte detalle:

	ORIGINAL PREZO	MODIFICADO	TOTAL	%INCREMENTO
VIXENCIA DO CONTRATO: I.-01.02.2021 a 31.01.2025	246.393,51 euros	18.546,00 euros	264.939,51.-€	aprox. 7,52 %,



Por tanto, a modificación do contrato é inferior ao 50% do prezo de adjudicación do contrato, xa que supón un incremento do 7,52% aproximadamente respecto do prezo de adjudicación contrato, pasando de 246.393,51euros a 264.939,52.-€, sendo a data prevista de efecto da modificación o día 01/08/2021.

Sen perxuízo da resolución do órgano de contratación neste extremo, e que a modificación é de cumprimento obrigatorio para o contratista, consta aceptación por parte da adjudicataria do contrato en relación ao obxecto da modificación e á valoración económica de executar á mesma nos termos recollidos no informe do responsable do contrato que forma parte do expediente.

No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 206 da LCSP as modificacións do contrato recollidas no artigo 205, serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, aislada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

En canto as especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 procede “publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.”

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do Artigo 205 da LCSP, na medida que se teñen verificado e expresado pola unidade xestora a

concorrenca dos supostos para a modificación nos termos do presente , non requirindo ditame do consello consultivo a teor do disposto no artigo 191 da LCSP

Órgano competente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e vista a solicitude de modificación efectuada polo responsable do contrato, infórmase favorablemente a modificación contractual do contrato do Servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos pola causa prevista no artigo 205.2 a), motivada nas circunstancias detalladas no informe emitido polo responsable do contrato con CSV: IV7E6LA5HFRTXKFS6N4NKBXWOA; xa que logo entende o que subscribe que polo órgano de contratación se podería adoptar o seguinte acordo, tolo elo condicionado á fiscalización e incorporación do documento acreditativo de existencia de crédito adecuado e suficiente:

Aprobar o a modificación do contrato do Servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseodutos para incluír os concellos de Ourense e Lugo , cun aumento do prezo de adxudicación en 15.327,28 € máis 3.218,73 € en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un



importe total de 18.546,01 €, IVE incluido, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adxudicar este modificado á U.T.E. integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron que prestou a súa conformidade ao mesmo ,tendo en conta que a data estimada dos efectos da modificación é o día 1 de agosto de 2021 ata o vencemento do contrato, sen perxuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar.

As obrigas que se deriven da presente modificación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2270655, do orzamento de gastos do 2021, por unha cantidade máxima de 18.546,01 €.

A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (766,36 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar a aprobación do modificado no perfil do contratante ou www.contrataciondelestado.es , e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

En base ao que vai dito, e condicionado á previa fiscalización e incorporación do documento acreditativo de existencia de crédito adecuado e suficiente, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º. -Aprobar o a modificación do contrato do Servizo para a realización de inventarios e informes técnicos-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía

eléctrica e gaseoductos para incluír os concellos de Ourense e Lugo , cun aumento do prezo de adxudicación en 15.327,28 € máis 3.218,73 € en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 18.546,01 €, IVE incluído, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º. - Adxudicar este modificado á U.T.E. integrada por Iurislocalia-Hijos de Valbuena y Ron que prestou a súa conformidade ao mesmo, tendo en conta que a data estimada dos efectos da modificación é o día 1 de agosto de 2021 ata o vencemento do contrato, sen perxuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar.

As obrigas que se deriven da presente modificación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2270655, do orzamento de gastos do 2021, por unha cantidade máxima de 18.546,01 €.

3º.-A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (766,36 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar a aprobación do modificado no perfil do contratante ou www.contrataciondelestado.es , e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN



TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL, LOTES (ZONAS) 1 A 8.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial, Lotes (zonas) 1 a 8. Expediente Nº: 2021/CON_02/000011, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H6UKCHRFO77R7RT6XIJZA4U.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7H5TJSJ4RLJ3J72TYXC3QBOA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7H47C4BMOOLPMTULXBP5JQKY.

Informe de personal con dereito a subrogación, con CSV: IV7EWGH53NEOKXH42PVU55HCDY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY6ZK2D77XZF6UVYTMBLHJY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY6ZJZZU7JGFLQZWUP33EAY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes do Servizo de execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial, Lotes (zonas) 1 a 8. Expediente Nº: 2021/CON_02/000011.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor

considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 5.626.068,40 euros máis 1.181.474,37 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un cómputo total de 6.807.542,77 e está integrado polos seguintes conceptos desglosados por lotes:

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4
Orzamento Execución Material:	511.661,09	608.319,58	622.195,05	600.406,40
Gastos Xerais (13%):	66.515,94	79.081,55	80.885,36	78.052,83
Beneficio Industrial (6%):	30.699,67	36.499,17	37.331,70	36.024,38
Importe total resultante:	608.876,70	723.900,30	740.412,11	714.483,61
IVE (21%):	127.864,11	152.019,06	155.486,54	150.041,56
Orzamento base de licitación (€):	736.740,81	875.919,36	895.898,65	864.525,17
	Lote 5	Lote 6	Lote 7	Lote 8
Orzamento Execución Material:	575.239,37	577.575,55	571.312,28	661.079,25
Gastos Xerais (13%):	74.781,12	75.084,82	74.270,60	85.940,30
Beneficio Industrial (6%):	34.514,36	34.654,53	34.278,74	39.664,76
Importe total resultante:	684.534,85	687.314,90	679.861,62	786.684,31
IVE (21%):	143.752,32	144.336,13	142.770,94	165.203,71
Orzamento base de licitación (€):	828.287,17	831.651,03	822.632,56	951.888,02

5º.- O Prezo total incluído IVE ascende a 6.807.542,77 euros e financiase dacordo as seguintes anualidades:



ANUALIDADE	IMPORTE	RC
2021	850.942,85 €	RC-22021/4443
2022	3.403.771,41 €	RC-220219/59
2023	2.552.828,51 €	RC-220219/59
TOTAL	6.807.542,77€	

Existe consignación orzamentaria na aplicación 4530.210 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 850.942,85 euros (IVE incluído) da anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 polas cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO CAMPIONATO DO MUNDO DE CARREIRAS DE AVENTURA 2021 “AR WORLD CHAMPIONSHIP”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7HE4KZHP6MWT6TWFWSF5KOMA.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HGMDKNZV5VSZLQD44OJTT4Y.

Informe da necesidade da contratación, con CSV: IV7EUST5ZQRMZ3PDYPXNG3RHHY.

Informe da insuficiencia de medios propios, con CSV: IV7HGMDIPZFKJKH6QZPNABSBCY.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HGP7S3RUOJSBNQLVHL32E44.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EUWSTPVVLZDX53VIGEY3XIM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EUOPCBVXDZCXCXUXX4JZX4A.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: V7EUOP2OEO65SZ2UQMEBZCPGY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7EVSLJH5N75PWYUJOB47SP4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EVQJSF4E4TL634UAS6MSWKQ.

Acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 14 de maio de dous mil vinte e un, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EW6XKDNGZ7DHO5TVV4IJC6Y.

Acta da Mesa de contratación do día 31 de maio de 2021, con CSV: IV7EQDJLOE6J3W54UXWBCLRT54, na que se recolle o seguinte:

Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Mamar Outdoor.

LICITADOES
MAMAR OUTDOOR

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada pola licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre

B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.- Sobre B- Fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO (CON IVE)	PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 50 PUNTOS). P.B.L.: 60.000,01 €.	60.000 euros	50 puntos

No suposto de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acta da Mesa de contratación do día 14 de xuño de 2021, con CSV: IV7ESL2MGEPPJ2V56YHGAFQRI4 , na que se recolle o seguinte:

Primeiro: -Fase 2: Fase de negociación.

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 31.05.2021 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese a informar que o licitador Marmar Outdoor, S.L. presentou en prazo a oferta atendendo aos seguintes criterios de negociación e resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

PROPOSTA CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN	OFERTADO	PUNTUACIÓN
<p>CRITERIO-Roll cos logos de “Deputación de Lugo” e “En Lugo Si” nas entrevistas aos medios de comunicación dos participantes da carreira que se produzan nas transicións das etapas que percorran a provincia deLugo.</p> <p>1.1- Transición en Quiroga.....20 puntos Outorgaranse 20 puntos se oferta esta mellora e 0 puntos no caso de non indicar nada.</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/>SI accede a incluír esta mellora do servizo. <input type="checkbox"/>NON accede a a incluír esta mellora do servizo.</p>	20 puntos
<p>CRITERIO-Roll cos logos de “Deputación de Lugo” e “En Lugo Si” nas entrevistas aos medios de comunicación dos participantes da carreira que se produzan nas transicións das etapas que percorran a provincia deLugo.</p> <p>1.2- Transición en Lugo.....30 puntos Outorgaranse 30 puntos se oferta esta mellora e 0 puntos no caso de non indicar nada.</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/>SI accede a incluír esta mellora do servizo. <input type="checkbox"/>NON accede a a incluír esta mellora do servizo.</p>	30 puntos
Total		50 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MARMAR OUTDOOR, S.L.	Fase I +Fase II: 50 puntos+50 puntos=100 puntos

Requirir á Marmar Outdoor, S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
49.586,78 euros	2.479,34 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, infórmase que, a empresa Marmar Outdoor, S.L presentou en prazo a documentación previamente requirida a través do place o día 22.06.2021 , entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra, polo que ao non facer observacións algunha neste sentido enténdese correctamente presentada.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada por Marmar Outdoor, S.L, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a empresa Marmar Outdoor, S.L a contratación do Patrocinio do campionato do mundo de carreiras de aventura 2021 “AR World Championship”. Expediente Nº:2021/CON_02/000022 nos seguintes términos:

ADXUDICATARIO	PREZO DE ADXUDICACIÓN	MELLORAS OEFRTADAS
MARMAR OUTDOOR, S.L	49.586,78 euros, aos que haberá que engadir 10.413,22 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 60.000,00 euros.	1) Roll cos logos de “Deputación de Lugo” e “En Lugo Si” nas entrevistas aos medios de comunicación dos participantes da carreira que se produzan nas transicións das etapas que percorran a provincia de Lugo. Transición en Quiroga. Transición en Lugo

O prazo de duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, ata do 11 de outubro de 2021, día que remata a carreira, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:20 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a empresa Marmar Outdoor, S.L a contratación do Patrocinio do campionato do mundo de carreiras de aventura 2021 “AR World Championship”. Expediente Nº:2021/ CON_02/000022 nos seguintes términos:

ADXUDICATARIO	PREZO DE ADXUDICACIÓN	MELLORAS OFERTADAS
MARMAR OUTDOOR, S.L	49.586,78 euros, aos que haberá que engadir 10.413,22 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 60.000,00 euros.	1) Roll cos logos de “Deputación de Lugo” e “En Lugo Si” nas entrevistas aos medios de comunicación dos participantes da carreira que se produzan nas transicións das etapas que percorran a provincia de Lugo. Transición en Quiroga. Transición en Lugo

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- O prazo de duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, ata do 11



de outubro de 2021, día que remata a carreira, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- O importe do contrato ascende a 49.586,78 euros, aos que haberá que engadir 10.413,22 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 60.000,00 euros, e financíase con cargo á aplicación Orzamentaria: 4320.22602 (Información e promoción turística, Publicidade e propaganda).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA RESURRECTION FEST LIMITED 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio do Festival de Música Resurrection Fest Limited 2021. 2021/CON_02/000055, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7E5QDM3D6TXVPPUYEEATRD6M.

Memoria xustificativa do contrato e necesidade da contratación, con CSV: IV7E62LMJBUCRGNMAVYFFYZXFY.

Informe da insuficiencia de medios propios, con CSV: IV7E62LPFIETQVFNYRPQ6B2EGE.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7E62LMPD64XS5ZY5HD4IDTP4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E6WYTFFUPXROKSN6QCNLGOU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY3JMNQX65L7K4TU4CZCXKI.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY3J3KFP5ZNH7CP5WKJAHH4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do patrocinio do Festival de Música Resurrection Fest Limited 2021. 2021/CON_02/000055.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación da servizo.

3º.- O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP, e con aplicación dos criterios



que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Old Navy Port Producciones, S.L., con C.I.F. B-27740117, a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 50.000 € incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE). O orzamento, sen considerar impostos, é de 41.322,31 €, aos que habería que engadir 8.677,69 € en concepto de IVE (21%). Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 4320.22602, do orzamento de gastos do 2021 por ese importe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, Á EMPRESA ALMACENES AVELINO, S.L. A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PALLA PARA O GANDO DA GRANXA GAYOSO CASTRO PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EXTHYEFDPDQTG4VUVHOEZSB4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EQWDLHA5T2WOTWUWBYLFAM.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EQSPNZZWI6SFOQVMNKXTUOU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EQWD4ZL7O53XKU3WTL5DREY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQWLOPJHKQTZ6AM5MKEPSIM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EQW2JMDVSR7BC5RMR73ZARNY.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EQUB3NVU2X3ETVRYCI4CREY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EQGYCJ7ZSVPFYYN7M7ZIEEI.

Acta da Mesa de Contratación do día 12 de xuño de 2021, con CSV: IV7EY33YKA5T2TV76UFTAQ7BKU que recolle as seguintes consideracións:

““Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de palla para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo. 2021/CON_02/000039.

Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:



LICITADORES
AGRÍCOLA EUSTAQUIO, S.L.
ALMACENES AVELINO, S.L.
SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.
SUMINISTROS AGRICOLAS OTERO, S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I, acreditación dos requisitos previos, resultando que os licitadores presentan a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cumprimentada e asinada, polo que os membros integrantes da Mesa de Contratación acordan admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas matemáticas ou avaliábeis de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA €/TONELADA (IVE NON INCLÚIDO)
AGRÍCOLA EUSTAQUIO, S.L.	87,00 €/t
ALMACENES AVELINO, S.L.	64,50 €/t
SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.	81,80 €/t
SUMINISTROS AGRICOLAS OTERO, S.L.	68,00 €/t

Segundo.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público as puntuacións totais e adoptar os seguintes acordos:

Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

ORDE	LICITADORES	OFERTA
1	ALMACENES AVELINO, S.L.	64,50 €/t
2	SUMINISTROS AGRICOLAS OTERO, S.L.	68,00 €/t
3	SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.	81,80 €/t
4	AGRÍCOLA EUSTAQUIO, S.L.	87,00 €/t

Requirir á empresa Almacenes Avelino, S.L., no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Almacenes Avelino, S.L. de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Na data de hoxe, toma a palabra o asesor técnico Pablo Seoane Canelo que comunica aos asistentes que a empresa Almacenes Avelino, S.L. respostou ao requirimento de corrección de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 17 de xuño de 2021. Visto que a empresa aporta en prazo a documentación requirida, a Mesa de Contratación acorda dar por atendido o requirimento, admitindo a proposta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Acceptar a documentación aportada por Almacenes Avelino, S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Almacenes Avelino, S.L. a contratación da subministración de palla para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, por un prezo unitario de 64,50€/t o que supón 13.996,50 euros, aos que se engadirán 1.399,65 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 15.396,15 euros.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Almacenes Avelino, S.L. a contratación da subministración de palla para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo, por un prezo unitario de 64,50€/t o que supón 13.996,50 euros, aos que se engadirán 1.399,65 euros en



concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 15.396,15 euros, a executar nos prazos e condicións previstos nos pregos, financiándose de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	IVE DEDUCIBLE	TOTAL	RC
2021	4120.22113	6.998,25	699,825	7.698,075	22021/13945
2022	4120.22113	6.998,25	699,825	7.698,075	220219/235
SUMA		13.996,50	1.399,65	15.396,15	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 6.998,25 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO PARA O LOTE 1 (PENÍNSULA) CON SEGUNDA LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PARQUE MÓBIL PROVINCIAL).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte teor literal:

“Antecedentes

O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 31 de decembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primero.- Solicitar a adhesión desta Deputación Provincial á Central de Contratación do Estado con arreglo ó disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así como nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento de dita central.

Segundo.- Remitir certificación do presente Acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión á Dirección xeral e racionalización e centralización da contratación do ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer da presente.

Tercero.- Facultar á presidencia ou en que esta delegue para a realización dos trámites relativos á execución do presente acordo.

Cuarto.- Facultar ó servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión”.

Mediante Resolución emitida pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, do 20 de xaneiro do 2020, aprobouse á adhesión da Deputación de Lugo á Central de Contratación do Estado.

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de outubro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:



“1º.- Aprobar a adhesión o acordo marco 21/2020 Subministros de combustibles en estacións de servizo mediante o procedemento establecido pola Central de Contratación do Estado. Remitindo certificación segundo o formulario publicado pola central de compras na dirección web:

<https://contratacioncentralizada.gob.es/documents/11614/133265/Modelo+solicitud+adesi%C3%B3n+EEL L.pdf/15329133-3987-4e12-8caf-6f162ffdb299>.

2º.- Dar traslado ao Servizo de Contratación e Fomento, para que coa colaboración da axencia de enerxía complete os trámites encamiñados a dita adhesión.

3º.- Facultar o Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Don Pablo Rivera Capón para tódalas sinaturas neste procedemento.”

En cumprimento do acordado na Xunta de Goberno do 23 de Outubro do 2020, realizáronse pola Sección de Innovación- Axencia da Enerxía, os trámites oportunos para formalizar a adhesión da Deputación Provincial de Lugo ao mencionado Acordo Marco 21/2020 (AM 21/2020), da Central de Contratación do Estado. Posteriormente, con data 22 de Marzo de 2021, ten entrada no rexistro da Deputación de Lugo o seguinte documento: “Resolución de la dirección general de racionalización y centralización de la contratación por la que se acuerda la adhesión de la Diputación Provincial de Lugo al Acuerdo Marco 21/2020, suministro de combustibles en estaciones de servicio, de la central de contratación del estado.”

O Parque Móbil Provincial, coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá- Axencia da Enerxía, emite informe, con data 10-05-2021 e código CSV IV7EULA3HZB3R77JABAMMQAVDY, no que motiva a necesidade de proceder á contratación da subministración de combustible para o Parque Móbil Provincial a través do Acordo Marco 21/2020 para a subministración de combustibles en estacións de servizo, da Central De Contratación do Estado.

Obra no expediente certificación de existencia de crédito asinado pola Intervención da Deputación de Lugo con data 12-05-2021 e código CSV IV7EVSB7HVNK3WJC24OCOQCXL4, para atender as obrigas que se deriven da presente contratación.

O Parque Móbil Provincial, coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá- Axencia da Enerxía, emite, con data 14-05-2021 e código CSV IV7EVWZSFL46KVOJYUPBO7ZE54, informe complementario do sinalado no punto V, no que se aporta outra información necesaria para iniciar a tramitación do contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 da Central de Contratación do Estado.

Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo de data 20-05-2021 e código CSV IV7EWG3TJL6C6TULA5MHF5SGGE pola que se ordena que a tramitación do contrato baseado para a subministración de combustible para o Parque Móbil provincial se realice través do Acordo Marco 21/2020, facúltase á Sección de Innovación e Participación Cidadá para realizar todos os trámites que resulten precisos para proceder á contratación de referencia, noméase ao responsable do contrato e aos membros da mesa de contratación que asistirán ao órgano de contratación neste procedemento.

Documento de licitación de data 24-05-2021 e código CSV IV7EXTHIB5WO5LEPQYNFKADRAU, que se remitiu ás empresas adxudicatarias do Lote 1 (Península) do Acordo Marco 21/2020, para que presentasen as súas ofertas á nova licitación: Compañía Española de Petróleos, S.A. (Cepsa) e Solred S.A.

Informe previo da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación no que se da conformidade ao documento de licitación sinalado no parágrafo anterior

Informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e o Servizo de Contratación e Fomento para a fiscalización do documento de licitación sinalado no antecedente 9, de data 26-05-2021 e código CSV IV7EQS2MIBBKXCEI6H6TOM26IY.

Fiscalización da Intervención da Deputación de Lugo de data 28-05-2021 e código CSV IV7EQUJZIAGP3DX644OBF77BLY.

Invitacións remitidas a través da plataforma de contratos do sector público, ás empresas adxudicatarias do Lote 1 (Península) do Acordo Marco 21/2020 (Cepsa e Solred S.A), xunto co



documento de licitación, para que presenten as súas ofertas á nova licitación para a adxudicación do contrato baseado de referencia.

Acta da mesa de contratación do día 14-06-2021 e código CSV IV7ETS3YEAX25W6D2L6F4YK7CM, na que se procedeu a apertura e valoración das ofertas presentadas polas empresas sinaladas no parágrafo anterior

Resolución da presidencia da Deputación de Lugo de data 21-06-2021 e código CSV IV7E433J3ZH653HZ2PYA55DPOY polo que se require á empresa Solred S.A. a constitución de garantía definitiva para a adxudicación do contrato baseado.

Documentación aportada pola empresa Solred S.A, dando cumprimento ao requirimento sinalado no parágrafo anterior.

Acta da mesa de contratación do día 1-07-2021 e código CSV IV7ETS3YEAX25W6D2L6F4YK7CM, na que se deu conta da documentación presentada pola empresa SOLRED S.A. e se propón a adxudicación do contrato ao seu favor.

Consideracións xurídico-administrativas.

Incoouse expediente EXP 2021/CON_02/000033, co obxecto de proceder á contratación da subministración de combustible para o parque móbil provincial a través do acordo marco 21/2020 para a subministración de combustibles en estacións de servizo da central de contratación do estado.

Atendendo ao sinalado, esta contratación realizarase a través dun contrato baseado de conformidade co previsto ao efecto nos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) e nos pregos de prescricións técnicas (PPT) do Acordo Marco 21/2020, así como tamén atendendo as instrucións para a contratación de subministracións a través do Acordo Marco 21/2020 ditadas pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e no documento de licitación que se elaborou ao efecto.

Na cláusula 23.2 do PCAP do Acordo Marco 21/2020 establécense dous sistemas de adxudicación dos contratos baseados en todos os lotes onde resultase máis dun adxudicatario, como é o caso do Lote 1 (Península) aplicable a este suposto, conforme ao disposto no artigo 221.4 da LCSP:

23.2.1.- Adxudicación dos contratos baseados sen nova licitación

Será posible adxudicar directamente, sen acudir a unha segunda licitación, cando se dean algún destes supostos:

Que o adxudicatario do lote correspondente no acordo marco sexa único, resultando de aplicación o disposto no artigo 221.3 da LCSP.

Cando o valor estimado do contrato baseado do lote correspondente non supere os 60.000,00 € para un período de 12 meses. O valor estimado será calculado conforme ao artigo 101 da LCSP, teniendo en cuenta as súas posibles prórrogas e modificacións previstas no presente PCAP.

Cando a tramitación do contrato baseado efectúese como consecuencia dunha resolución do anterior contrato, nese caso, poderá asignarse á seguinte empresa mellor clasificada que garanta a subministración.

Cando unha única empresa adxudicataria dispoña dun punto de subministración a unha distancia, da sede do organismo ou emprazamento habitual dos vehículos, inferior a 10 km no desprazamento por estrada ou vial de circulación sen peaxes.

23.2.2.- Adxudicación dos contratos baseados con nova licitación

Nos supostos non previstos no apartado anterior, a adxudicación dos contratos baseados efectuarase convocando ás partes a unha nova licitación, en base aos termos aquí previstos e que deberán concretarse con carácter previo á licitación para a adxudicación do contrato baseado. Para ese efecto, a regulación aplicable aos contratos baseados estará ao disposto no presente prego



(PCAP), o prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), o documento de licitación e, complementariamente, nas instrucións ditadas pola DGRCC.

Nestes supostos, as empresas adxudicatarias estarán obrigadas a presentar oferta en todas as licitacións que lles sexan comunicadas. O incumprimento desta obrigación, poderá dar lugar á imposición das penalidades previstas na Cláusula 19.

De conformidade co disposto no artigo 221.4 b) e 221.5 da LCSP, os termos nos que se baseará a nova licitación para a determinación do adxudicatario do contrato baseado, será/ n algún/ s dos seguintes:

En primeiro lugar, como criterio obrigatorio, será o maior desconto ofertado sobre o PAI*, que non poderá ser en ningún caso inferior ao ofertado no acordo marco. Deberá ter un peso de, polo menos, o 80% dos puntos.

Mayor cobertura territorial e condicións de proximidade máis favorables conforme ás necesidades do organismo no contrato baseado.

Amplitude de horarios de apertura para a subministración a 24 horas.

Mayor comercialización de combustibles alternativos nas estacións de servizo comprendidas no ámbito territorial do lote. Cun peso máximo dun 2 % dos puntos.”

Por non estar nos supostos indicados na cláusula 23.2.1 do PCAP do Acordo Marco 21/2020, a adxudicación deste contrato baseado realizarase a través dunha nova licitación, debendo estarse ao disposto na cláusula 23.2.2 do mencionado PCAP.

A estes efectos elaborouse o correspondente documento de licitación que se remitiu ás empresas adxudicatarias do Lote 1-Península do AM21/2020 -Compañía Española de Petróleos, S.A. (Cepsa) e Solred S.A.- para que presenten as súas ofertas, e no que se concretaron os termos que rexerán a nova licitación (duración do contrato baseado, importe máximo de licitación, prazo

de presentación de ofertas, criterios de adjudicación, regulación de ofertas anormalmente baixas, etc.).

Cando o valor estimado do contrato sexa igual ou superior a 139.000 €, como é este o caso, unha vez cumprimentado e asinado, o documento de licitación remitiuse á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación , para o seu informe previo, antes de formular a invitación para presentar oferta ás empresas adjudicatarias. Obra no expediente informe previo da mencionada Dirección Xeral no que se da conformidade ao documento de licitación

O documento de licitación, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento 2021 da Deputación de Lugo, foi obxecto de fiscalización previa por parte da Intervención, antes da súa remisión as empresas adjudicatarias.

Con data 31-05-2021, remitiuse ás empresas adjudicatarias do Lote 1-Península do AM21/2020 -Compañía Española de Petróleos, S.A. (Cepsa) e Solred S.A.-, o documento de licitación para que presenten as súas ofertas para a adjudicación do contrato baseado.

Con data 14-06-2021 réunese a Mesa de Contratación, recolléndose na acta de dita sesión o seguinte:

“Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o lote 1 (península) (AM 21/2020), con segunda licitación, correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móbil Provincial)- EXP 2021/CON_02/000033:

Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Antes de proceder a apertura, explícase aos asistentes que para a adxudicación de contratos baseados a través do Acordo Marco 21/2020 (en diante AM 21/2020) para a subministración de combustibles en estacións de servizo, da Central de Contratación do Estado, e de acordo co previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) reitores de dito acordo marco, establécense dous sistemas: adxudicación sen nova licitación e adxudicación con nova licitación. O contrato baseado para o parque móbil provincial, ao non estar dentro dos supostos que permiten a adxudicación directa sen acudir a unha segunda licitación de acordo co previsto no mencionado PCAP, realízase a través dunha nova licitación.

A estes efectos elaborouse o correspondente documento de licitación seguindo o modelo facilitado pola Central de Contratación do Estado, o cal foi remitido a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, ás dúas empresas adxudicatarias do Lote 1-Península do AM 21/2020 (Cepsa e Solred), para que presentasen as súas ofertas, e no que se concretaron os termos que rexerán esta nova licitación.

Aclaradas estas cuestións, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, ás empresas adxudicatarias do LOTE 1-Península do Acordo Marco 21/202020 que presentaron oferta á nova licitación foron as seguintes:

LICITADOR	NIF	DATA PRESENTACIÓN OFERTA
COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	A28003119	10-06-2021 10:47
SOLRED S.A.	A79707345	03-06-2021 17:12

Tendo en conta que ambos licitadores presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura do Sobre Nº 1: Oferta avaliada mediante fórmulas do EXP 2021/CON_02/000033. De acordo co sinalado no punto IV do documento de licitación remitido ás empresas, neste sobre incluírase a oferta relativa aos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas indicados no punto V do documento de licitación, a cal se axustará ao modelo que figura como Anexo III en dito documento. Xunto co Anexo III, os licitadores deberán incluír aos

efectos do criterio número 2.Cobertura territorial, unha listaxe en formato de folla de cálculo coas estacións de servizo das empresas coas que operen. No caso de que existisen discrepancias entre os datos indicados na oferta relativa aos criterios avaliábeis mediante fórmulas e a folla de cálculo achegada, prevalecerán os datos contidos nesta última. Non se valorarán e serán rexeitadas as ofertas que non conteñan a folla de cálculo en formato electrónico cos datos indicados.

Ambos licitadores inclúen no Sobre Nº1 tanto o Anexo III como a listaxe das estacións de servizo solicitadas en formato folla de cálculo. Os resultados da apertura dos criterios avaliábeis mediante fórmulas matemáticas segundo o recollido nos Anexos III presentados, foron os seguintes:

CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO21/2020, PARA EL SUMINISTRO DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO PARA EL LOTE 1 (PENÍNSULA) PARA LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PARQUE MÓVIL PROVINCIAL)- EXP 2021/CON_02/000033		
LICITADORES	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	
	1. Porcentaxe de desconto	2. Cobertura territorial
CEPSA	21,00 %	22 puntos de subministración
SOLRED	22,50 %	36 puntos de subministración

Pola mesa compróbase que o desconto ofertado polos licitadores, atendendo ao sinalado no punto V do documento de licitación do EXP 2021/CON_02/000033, cumpre co requisito de non ser inferior ao ofertado na adxudicación do AM 21/2020: (Cepsa: 9,64 % e Solred: 8,45 %).

Por outra banda, a mesa comproba tamén que, en relación ao criterio número 2.Cobertura territorial, os datos indicados por ambos licitadores na oferta relativa aos criterios avaliábeis mediante fórmulas (Anexo III) e a folla de cálculo achegada, son coincidentes e non existen discrepancias entre ambos documentos.

Segundo.- Valoración criterios avaliábeis automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliábeis automaticamente, realizándose en primeiro lugar o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas

desproporcionadas ou anormais de acordo co sinalado ao efecto no punto VI do documento de licitación, sendo os resultados os seguintes:

CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO21/2020, PARA EL SUMINISTRO DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVICIO PARA EL LOTE 1 (PENÍNSULA) PARA LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PARQUE MÓVIL PROVINCIAL)- EXP 2021/CON_02/000033					
LICITADORES	CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN				
	1. Porcentaxe de desconto	PUNTOS	2. Cobertura territorial	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CEPSA	21,00	74,67	22,00	12,22	86,89
SOLRED	22,50	80,00	36,00	20,00	100,00

En relación ás ofertas anormalmente baixas, o punto VI do documento licitación sinala textualmente:

"De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 149.2.a) de la LCSP, se considerará que una oferta, considerada en su conjunto, se encuentra en presunción de anormalidad cuando el porcentaje de descuento sea superior en más de 30 unidades porcentuales a la media aritmética de los porcentajes de descuento ofertados.

"En el caso de que, aplicando este criterio, alguna oferta se encuentre en tal situación, el órgano de asistencia requerirá al licitador para que, en el plazo máximo de cinco días hábiles, justifique por escrito y de forma electrónica, de acuerdo a lo dispuesto en el artículo 149 de la LCSP, la viabilidad de su oferta".

Realizados os cálculos oportunos de acordo co sinalado no punto VI do documento de licitación, os resultados son os seguintes:

OFERTA MÁIS ALTA	OFERTA MÁIS BAIXA	MEDIA OFERTAS	30% SUPERIOR Á MEDIA
22,50 %	21,00 %	21,75 %	28,28 %

Así, a porcentaxe de desconto por riba da cal considérase desproporcionada ou anormalmente baixa a oferta presentada é dun 28,28% . Polo tanto, conclúese que as dúas ofertas presentan valores normais.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e o punto VII do documento de licitación do EXP 2021/CON_02/000033, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SOLRED S.A.	100,00 puntos
2	COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	86,89 puntos

Requirir á empresa Solred S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles indicado no artigo 150.2 da LCSP e de acordo co previsto no punto VII do documento de licitación do EXP 2021/CON_02/000033, constitúa garantía definitiva por importe do 5 % do orzamento base de licitación do contrato baseado, IVE excluído.

A Presidencia da Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación e, consecuentemente, con data 21-06-2021 resolveu:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e o punto VII do documento de licitación do EXP 2021/CON_02/000033, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SOLRED S.A.	100,00 puntos
2	COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	86,89 puntos

Requirir á empresa Solred S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles indicado no artigo 150.2 da LCSP e de acordo co previsto no punto VII do documento de licitación do EXP 2021/CON_02/000033, constitúa garantía definitiva por importe do 5 % do orzamento base de licitación do contrato baseado, IVE excluído.”



En cumprimento da Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo sinalada no parágrafo anterior, con data 22 de xuño do 2021, cursouse, a través da plataforma de contratos do sector público, o mencionado requirimento de documentación á empresa Solred S.A.

A Mesa de Contratación, con data 01-07-2021 celebra unha nova reunión, recolléndose na acta de dita sesión o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que a empresa Solred S.A. atendeu en tempo e forma ao requirimento de documentación cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 22 de xuño de 2021. Tendo en conta que a empresa se atopa ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo consta nos certificados incorporados ao expediente (expedidos pola Axencia Tributaria, polo Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social respectivamente), a mesa de contratación acorda propoñer a adxudicación do contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o Lote 1 (Península) (AM 21/2020), con segunda licitación. Expediente 2021/CON_02/000033 correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móvil Provincial), a favor da empresa Solred S.A.”

Polo que se refire ao órgano competente, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o gasto do contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o Lote 1 (Península) (AM 21/2020), con segunda licitación. Expediente 2021/CON_02/000033 correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móbil Provincial), segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 641.666,67 euros (29.166,67 euros mensuais). O orzamento base de licitación inclúe 111.363,64 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 530.303,03 euros de base (24.104,68 euros mensuais), de acordo co seguinte seguinte detalle por anualidades tendo en conta a data de inicio prevista e os meses de duración do contrato baseado:

DESTINO DA SUBMINISTRACIÓN	ANUALIDADE 2021 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2022 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2023 (IVE engadido)	TOTAIS
Combustible Parque Móbil	175.000,00 €	350.000,00 €	116.666,67 €	641.666,67 €

Tal e como se indica no informe de intervención de data 12/05/2020 e código CSV IV7EVS7HVNK3WJC24OCOQCXL4, existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.22103, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 175.000,00 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas na táboa anterior, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente.

O orzamento base de licitación da presente contratación, foi calculado en base a consumos estimados tendo en conta a estes efectos as subministracións de combustible realizadas nos últimos anos no Parque móbil provincial. A día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais, e por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da

celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, o contrato baseado adjudicárase polo orzamento máximo sinalado (orzamento base de licitación). De acordo co exposto, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adjudicatario e ás subministracións de combustible efectivamente realizadas.

Adjudicar o contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o Lote 1 (Península) (AM 21/2020), con segunda licitación. Expediente 2021/CON_02/000033 correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móbil Provincial), a favor da empresa Solred S.A.

A empresa adjudicataria comprométese a realizar as subministracións de combustible obxecto do contrato baseado, ata un importe máximo de 530.303,03 euros, aos que se engadirán 111.363,64 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 641.666,67 euros, de acordo co seguinte seguinte detalle por anualidades tendo en conta a data de inicio prevista e os meses de duración do contrato baseado:

DESTINO DA SUBMINISTRACIÓN	ANUALIDADE 2021 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2022 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2023 (IVE engadido)	TOTAIS
Combustible Parque Móbil	175.000,00 €	350.000,00 €	116.666,67 €	641.666,67 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.22103, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 175.000,00 €, para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas na táboa anterior, na aplicación sinalada.

O adjudicatario comprométese a tomar ao seu cargo a execución do contrato baseado, con estrita suxeición aos requisitos e condicións que figuran no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reguladores do Acordo Marco e dos contratos baseados, aplicando a seguinte porcentaxe de desconto sobre o PAI* (Prezo Antes de Impostos correspondente ao prezo medio nacional do combustible fornecido publicado no último “Weekly Oil Bulletin” ou “Boletín Petrolero da Unión Europea” dispoñible o último día do mes) das subministracións que se realicen nas estacións de servizo. Con todo, cando devandito prezo medio

nacional non se publique no boletín de referencia, tomarase o PAI da estación de servizo no momento da reposición a efectos da aplicación do desconto):

Porcentaxe de desconto sobre o PAI* 1: 22,50 %

Así mesmo, o adxudicatario garante a subministración nos seguintes puntos das localidades que se detallan na folia de cálculo en formato electrónico que se acompaña á súa oferta:

Establecemento	Dirección	Código Postal	Población
J.AMADEO ARIAS ARIAS	AV. DEL GENERALISIMO, SN	27620	SAMOS
LENCE TORRES, S.L.	CL. SAN ROQUE, 90-92	27002	LUGO
SAN RAFAEL	AV DE LA CORUÑA 310	27003	LUGO
E.S. EL CASTILLO	C/ AVENIDA GALICIA, 41	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. A PONTENOVA, S.L.	AVDA. GENERALISIMO, S.N	27720	PUDENTENUEVO
E.S. MONFORTE	DOCTOR CASARES, S-N	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. COSPEITO, S.L.	AV. GENERALISIMO, 59	27377	COSPEITO
E.S. OTERO VAZQUEZ S.L.	CTRA. N-642 PK.423,850	27880	CERVO
COMBUSTIBLES AS FONTES, S.L.	CTR. CHANTADA, SN	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. ANTAS ULLA, S.L.	CTRA. PONTEVEDRA, S/N	27570	ANTAS DE ULLA
E.S. VIVEIRO,S.L.	CR.C-640 PK4,1 MAGAZOS	27850	VIVEIRO
E.S. CARBALLERIRA S.L.	CTRA. C.630 KM.1 FONSAGRADA A LUGO	27100	FONSAGRADA
E. S. AMNSA	CTRA. ORENSE, SN	27519	CHANTADA
E.S. LUGO	RONDA LA MURALLA, 134	27004	LUGO
CRED FOZ	CR N-642, 34,6	27780	FOZ
E.S. VILLALBA	CAMPO DEL PUENTE,109-111	27800	VILALBA
E.S. QUIROGA, S.L.	C/ REAL, 143	27320	QUIROGA
LENCE TORRES, S.L.	N-VI PK 498	27196	LUGO
E.S. BUENAVISTA	RIO DOS FOLES, S.N	27850	VIVEIRO
E.S. BARREIROS	N-634 PK 570,4	27790	BARREIROS
ES GRUPO ROMA 2020 S.L.	CR LU-862 P.K. 97,00 1	27870	XOVE-E.S.
E.S. CASTRO RIBERAS D LEA,S	AVD. TERRA CHA S/N	27600	CASTRO DE REI
E.S. CHANTADA S.L.	CASTRO POUSADA, 10	27517	CHANTADA
E. S. GUITIRIZ, S.L.	CTRA. N-VI, PK- 539,6	27300	GUITIRIZ
ES LOPEZ SANTIN SL	CR N-6, 433	27670	PEDRAFITA DO CEBREIRO
E.S. RABADE	AV DEL FERROL, 67	27370	RABADE
E.S. EL JARDIN S.L.	N-642 PK.10,5	27700	RIBADEO
E.S. GAS. VARELA LOPEZ, SL	CTRA. LU-232 PK.19,9	27220	FRIOL
E.S. OURAL-EXGA, S.L.	CTRA.C-546 PK.33,7	27392	OURAL
E.S.EXP.CARB.CANIDO, S.L.	CTRA.N-120 PK 511	27330	PUEBLA DE BROLLON
E.S. LENCE TORRES, S.L.	AV.BENICGNO RIBERA, 50-PG.CEAO	27003	LUGO
ES GRUPO VILCOGAS SL	TERRA CHA, 164	27800	VILLALBA
E.S. SAN CRISTOBAL	AVDA. BENIGNO RIVERA, 99 P.I. CEAO	27003	LUGO
E.S. SARRIA	CL. MATIAS LOPEZ 97	27600	SARRIA
E.S. LENCE TORRES, S.L.	AV. BENIGNO RIBERA	27004	LUGO
ES O REI DAS TARTAS	A-8 ENLACE N-634	27730	ABADIN



O prazo de duración do contrato baseado será de 22 meses, sendo a data de inicio da execución do contrato o 21 de xullo do 2021. Non se prevén prórrogas do contrato baseado.

A facturación realizarase por períodos mensuais vencidos incluíndo as subministracións efectivamente realizadas, presentando o adxudicatario as facturas no prazo de trinta días naturais, nos termos sinalados na cláusula 23.8 do PCAP do Acordo Marco 21/2020.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54, 151 e 154.4 da LCSP. O resultado da licitación do presente contrato baseado publicarase tamén no Portal de Contratación Centralizada.

O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP, no PCAP do Acordo marco 21/2020, nas instrucións para a contratación de subministracións a través do Acordo Marco 21/2020 ditadas pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, e no documento de licitación, entenderase perfeccionado ao ser notificada a correspondente adxudicación polo órgano de contratación.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto do contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o Lote 1 (Península) (AM 21/2020), con segunda licitación. Expediente 2021/CON_02/000033 correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móbil Provincial), segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 641.666,67 euros (29.166,67 euros mensuais). O orzamento base de licitación inclúe 111.363,64 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 530.303,03 euros de base (24.104,68 euros mensuais), de acordo co seguinte seguinte detalle por anualidades tendo en conta a data de inicio prevista e os meses de duración do contrato baseado:

DESTINO DA SUBMINISTRACIÓN	ANUALIDADE 2021 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2022 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2023 (IVE engadido)	TOTAIS
Combustible Parque Móbil	175.000,00 €	350.000,00 €	116.666,67 €	641.666,67 €

Tal e como se indica no informe de intervención de data 12/05/2020 e código CSV IV7EVSB7HVNK3WJC24OCOQCXL4, existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.22103, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 175.000,00 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas na táboa anterior, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente.

O orzamento base de licitación da presente contratación, foi calculado en base a consumos estimados tendo en conta a estes efectos as subministracións de combustible realizadas nos últimos anos no Parque móbil provincial. A día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais, e por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, o contrato baseado adxudicárase polo orzamento máximo sinalado (orzamento base de licitación). De acordo co exposto, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e ás subministracións de combustible efectivamente realizadas.

2º.-Adxudicar o contrato baseado no acordo marco para a subministración de combustibles en estacións de servizo para o Lote 1 (Península) (AM 21/2020), con segunda licitación.



Expediente 2021/CON_02/000033 correspondente á Deputación Provincial de Lugo (Parque Móbil Provincial), a favor da empresa Solred S.A.

A empresa adjudicataria comprométese a realizar as subministracións de combustible obxecto do contrato baseado, ata un importe máximo de 530.303,03 euros, aos que se engadirán 111.363,64 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 641.666,67 euros, de acordo co seguinte seguinte detalle por anualidades tendo en conta a data de inicio prevista e os meses de duración do contrato baseado:

DESTINO DA SUBMINISTRACIÓN	ANUALIDADE 2021 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2022 (IVE engadido)	ANUALIDADE 2023 (IVE engadido)	TOTAIS
Combustible Parque Móbil	175.000,00 €	350.000,00 €	116.666,67 €	641.666,67 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.22103, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 175.000,00 €, para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas na táboa anterior, na aplicación sinalada.

O adjudicatario comprométese a tomar ao seu cargo a execución do contrato baseado, con estrita suxeición aos requisitos e condicións que figuran no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reguladores do Acordo Marco e dos contratos baseados, aplicando a seguinte porcentaxe de desconto sobre o PAI* (Prezo Antes de Impostos correspondente ao prezo medio nacional do combustible fornecido publicado no último “Weekly Oil Bulletin” ou “Boletín Petrolero da Unión Europea” dispoñible o último día do mes) das subministracións que se realicen nas estacións de servizo. Con todo, cando devandito prezo medio nacional non se publique no boletín de referencia, tomarase o PAI da estación de servizo no momento da reposición a efectos da aplicación do desconto):

Porcentaxe de desconto sobre o PAI* 1: 22,50 %

Así mesmo, o adxudicatario garante a subministración nos seguintes puntos das localidades que se detallan na folla de cálculo en formato electrónico que se acompaña á súa oferta:

Establecemento	Dirección	Código Postal	Población
J.AMADEO ARIAS ARIAS	AV. DEL GENERALISIMO, SN	27620	SAMOS
LENCE TORRES, S.L.	CL. SAN ROQUE, 90-92	27002	LUGO
SAN RAFAEL	AV DE LA CORUÑA 310	27003	LUGO
E.S. EL CASTILLO	C/ AVENIDA GALICIA, 41	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. A PONTENOVA, S.L	AVDA. GENERALISIMO, S.N	27720	PUENTENUEVO
E.S. MONFORTE	DOCTOR CASARES, S-N	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. COSPEITO, S.L.	AV. GENERALISIMO, 59	27377	COSPEITO
E.S. OTERO VAZQUEZ S.L	CTRA. N-642 PK.423,850	27880	CERVO
COMBUSTIBLES AS FONTES, S.L	CTR. CHANTADA, SN	27400	MONFORTE DE LEMOS
E.S. ANTAS ULLA, S.L.	CTRA. PONTEVEDRA, S/N	27570	ANTAS DE ULLA
E.S. VIVEIRO,S.L.	CR.C-640 PK4,1 MAGAZOS	27850	VIVEIRO
E.S. CARBALLERIRA S.L.	CTRA. C.630 KM.1 FONSAGRADA A LUGO	27100	FONSAGRADA
E. S. AMMNSA	CTRA. ORENSE, SN	27519	CHANTADA
E.S. LUGO	RONDA LA MURALLA, 134	27004	LUGO
CRED FOZ	CR N-642, 34,6	27780	FOZ
E.S. VILLALBA	CAMPO DEL PUENTE,109-111	27800	VILLALBA
E.S. QUIROGA, S.L.	C/ REAL, 143	27320	QUIROGA
LENCE TORRES, S.L.	N-VI PK 498	27196	LUGO
E.S. BUENAVISTA	RIO DOS FOLES, S.N	27850	VIVEIRO
E.S. BARREIROS	N-634 PK 570,4	27790	BARREIROS
ES GRUPO ROMA 2020 S.L.	CR LU-862 P.K. 97,00 1	27870	XOVE-E.S.
E.S. CASTRO RIBERAS D LEA,S	AVD. TERRA CHA S/N	27600	CASTRO DE REI
E.S. CHANTADA S.L.	CASTRO POUSADA, 10	27517	CHANTADA
E. S. GUITIRIZ, S.L.	CTRA. N-VI, PK.- 539,6	27300	GUITIRIZ
ES LOPEZ SANTIN SL	CR N-6, 433	27670	PEDRAFITA DO CEBREIRO
E.S. RABADE	AV DEL FERROL, 67	27370	RABADE
E.S. EL JARDIN S.L.	N-642 PK.10,5	27700	RIBADEO
E.S. GAS. VARELA LOPEZ, SL	CTRA. LU-232 PK.19,9	27220	FRIOL
E.S. OURAL-EXGA, S.L.	CTRA.C-546 PK.33,7	27392	OURAL
E.S.EXP.CARB.CANIDO, S.L.	CTRA.N-120 PK 511	27330	PUEBLA DE BROLLON
E.S. LENCE TORRES, S.L.	AV.BENICGNO RIBERA, 50-PG.CEAO	27003	LUGO
ES GRUPO VILCOGAS SL	TERRA CHA, 164	27800	VILLALBA
E.S. SAN CRISTOBAL	AVDA. BENIGNO RIVERA, 99 P.I. CEAO	27003	LUGO
E.S. SARRIA	CL. MATIAS LOPEZ 97	27600	SARRIA
E.S. LENCE TORRES, S.L.	AV. BENIGNO RIBERA	27004	LUGO
ES O REI DAS TARTAS	A-8 ENLACE N-634	27730	ABADIN

O prazo de duración do contrato baseado será de 22 meses, sendo a data de inicio da execución do contrato o 21 de xullo do 2021. Non se prevén prórrogas do contrato baseado.



A facturación realizarase por períodos mensuais vencidos incluíndo as subministracións efectivamente realizadas, presentando o adxudicatario as facturas no prazo de trinta días naturais, nos termos sinalados na cláusula 23.8 do PCAP do Acordo Marco 21/2020

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54, 151 e 154.4 da LCSP. O resultado da licitación do presente contrato baseado publicarase tamén no Portal de Contratación Centralizada.

4º.- O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP, no PCAP do Acordo marco 21/2020, nas instrucións para a contratación de subministracións a través do Acordo Marco 21/2020 ditadas pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, e no documento de licitación, entenderase perfeccionado ao ser notificada a correspondente adxudicación polo órgano de contratación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación co Concello de A Pastoriza para a "Pavimentación de accesos a núcleos nas parroquias de Rigueira e Cadavedo".

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común

de “Pavimentación de accesos a núcleos nas parroquias de Rigueira e Cadavedo”, por importe total de 79.726,89 €, dos que 75.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 4.726,89 € a cargo do Concello de A Pastoriza; e do gasto, por importe de 75.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de A Pastoriza, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello de A Pastoriza solicitou, o 1 de xuño de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Pavimentación de accesos a núcleos nas parroquias de Rigueira e Cadavedo”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 17 de xuño de 2021, no que se estima procedente a aprobación do texto do citado convenio, así como do gasto derivado da subscrición do mesmo.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde se analiza a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.



Á vista de toda a documentación, a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, informou favorablemente, o 24 de xuño de 2021, o texto do convenio proposto polo centro xestor.

Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 9 de xullo de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Pavimentación de accesos a núcleos nas parroquias de Rigueira e Cadavedo”, por importe total de 79.726,89 €, dos que 75.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 4.726,89 € a cargo do Concello de A Pastoriza.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 75.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de A Pastoriza, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA TRANSCRICIÓN DO ASUNTO DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO DE 9 DE XULLO DE 2021 DE RECTIFICACIÓN DE ERRO NA VALIDACIÓN DE GASTO DE FACTURAS DA GRANXA PROVINCIAL.

Logo de ver o informe no que se manifesta que se produciu un erro na transcripción do asunto 8 da Acta da Xunta de Goberno de 9 de xullo de 2021; a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita corrección, e onde di: **“PROPOSTA DE**

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 02-06-2021, RELATIVO A VALIDACIÓN DE GASTO DE FACTURAS DA GRANXA PROVINCIAL, POR ERRO NA PROPOSTA DE ACORDO” debe dicir: “PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 02-07-2021, RELATIVO A VALIDACIÓN DE GASTO DE FACTURAS DA GRANXA PROVINCIAL, POR ERRO NA PROPOSTA DE ACORDO”.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO MEDIANTE A CELEBRACIÓN DUNHA POXA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Con data do 9 de xuño de 2021 o Deputado Delegado da Area de Recursos Sostibles insta o inicio da tramitación do procedemento de alleamento dun total de 28 exemplares bovinos de raza cachena e 27 exemplares bovinos de raza frisoa que forman parte do fato de gando vacún existente na Granxa Provincial Gayoso Castro e segundo relación de semoventes bovinos sinalados pola dirección da Granxa e cuxa inscrición no Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Administración encádrase baixo o epígrafe 6 relativa aos semoventes.

Tendo en conta o informe e a valoración que a directora da Granxa emite o 9 de xuño de 2021 baixo o CSV IV7ES3DPJFHPJ7XS7VFFNZRQA4.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral Adxunta do 08.07.2021 emitido baixo o CSV IV7E6LTO3RGCRWJKSEHWMQ7TOU -e dos pregos reitores do procedemento que asina o 08.07.2021 co CSV IV7E6LTPDR63ZKPJ6BUBP4IFEM- no que conclúe que o presente procedemento de concorrncia pública e adxudicación mediante celebración de poxa adecúase á lexislación vixente.



Tendo en conta que con data do 14.07.2021 baixo o CSV IV7EYUDKFJZYVKXJ3V655ZKSOE se informa da necesidade de incluír unha disposición final no pregos reitores relativa as crías nadas durante o presente procedemento segundo informe complementario que ao efecto emite o 13.07.2021 a dirección da Granxa provincial.

A vista do exposto, con dita finalidade tramitarase un procedemento de concorrencia pública mediante a celebración de poxa pública que se levara a cabo por esta Deputación Provincial, baixo a coordinación da dirección da Granxa Provincial a cuxos efectos se redactou o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación dos semoventes pretendidos.

Consta incorporada certificación do 16.07.2021 relativa á natureza xurídica patrimonial dos semoventes obxecto deste procedemento.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración de poxa pública.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

3º.- Someter á aprobación do Pleno Provincial a modificación do contido do Inventario Provincial relativo aos semoventes da Granxa Provincial, que procedese, coa tramitación da rectificación do conxunto do Inventario Provincial.

4º.- Proceder á convocatoria pública e publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2021, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2021.



2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 45.000 € (corenta e cinco mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “COLECCIONISMO Y ALMONEDA DEL GRAN CONDE DE LEMOS, DON PEDRO FERNÁNDEZ DE CASTRO”.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Coleccionismo y almoneda del Gran Conde de Lemos, Don Pedro Fernández de Castro”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor dona Manuela Sáez González, na cantidade de cincuenta e seis euros (56,00€) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de cincuenta e tres euros con oitenta e cinco céntimos (53,85€) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento da sentenza nº 75/2021, de 31 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 263/2020.

Dase conta da sentenza nº 75/2021 de 31 de marzo ditada polo Xulgado co Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 263/2020 seguido a instancia de Blanco Lozano Agricultura, C.B. fronte á resolución desta entidade de data 18 de novembro de 2020 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora en data de 12 de agosto de 2020 debido a danos ocasionados na explotación gandeira sita en San Mamed de Oleiros debido a un embalsamento de auga nas parcelas colindantes, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo íntegramente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de Blanco Lozano Agricultura C.B. frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 263/2020 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y en consecuencia debo condenar y condeno a la Diputación Provincial de Lugo a lo siguiente: 1.- A indemnizar a la actora en la suma de 256 euros, más los intereses legales devengados desde el 12 de agosto de 2020; y 2.- A efectuar las obras necesarias en la carretera de su titularidad con el fin de evitar que se produzcan nuevos sucesos como el de autos, bien en la forma expuesta en el dictamen pericial de don Juan J. Vilariño Galindo o en la que considere la Administración la adecuada, siempre y cuando cumpla la referida finalidad.”*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo da cantidade de 256 euros en concepto de principal máis de 5,65 euros en concepto de xuros.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.



DEPUTACIÓN DE LUGO

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.